



# BOP

SÁBADO, 19 DE MARZO DE 2022

N.º 064

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

FOZ

*Anuncio*

#### SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder á contratación laboral temporal dentro do PROGRAMA DEPUEMPREGO 2021, das seguintes prazas:

- 2 prazas de maquinista-conductor durante 3 meses.
- 1 praza de auxiliar administrativo durante 3 meses.
- 1 peón de servizos múltiples durante 3 meses.
- 5 peones servizos múltiples durante 5 meses.

**Prazo de presentación de instancias:** 5 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

**Requisitos do posto de traballo:** recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 10 de marzo de 2022, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz ([www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es)).

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27 e 982.14.02.51

Foz, 17 de marzo de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 0596

### LUGO

*Anuncio*

Por medio do presente faise público o decreto da alcaldía núm. 2711/2022 do día 14/03/2022, que establece:

**“Ilma. Dona Maria Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa de Participación e Servizos para a veciñanza do Excmo. Concello de Lugo,**

Con relación ao expediente instruído con motivo da aprobación das normas de funcionamento do Mercado Tradicional 2022.

Vista a proposta da Xefa de Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 10/03/2022, no cal se fai constar:

“O Mercado tradicional conta cunha forte raigame na cidade tanto polo seu peso específico nunha sociedade de base eminentemente rural cunha gran demanda de produtos naturais de colleita propia, como no aspecto socioeconómico xa que constitúe un recurso importante para un gran número de familias.

A reunificación de postos nun único espazo físico habilitado para os efectos contribuíu a unha maior afluencia de persoas vendedoras, o cal aconsella o axuste das medidas organizativas para un funcionamento ordeado desta actividade comercial, para iso cómpre considerar:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Decreto número 8100/2021, ditado o 1-10-2021 pola a Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, no cal, unha vez finalizadas as obras de Rehabilitación e acondicionamento da planta do semisótano do Edificio, orde a reunificación e reubicación do Mercado tradicional neste espazo ditando asimismo as normas específicas para a súa organización que, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo, rexen o seu funcionamento diario.

O Mercado tradicional está en plena expansión nun escenario tendente á normalización da situación pandémica, celebrándose semanalmente nun espazo físico que pode albergar un número de postos non superior a 95.

Necesidade de axustar estas medidas organizativas a fin de reordenar e crear novos escenarios de comercialización de produtos que favorezan o intercambio de produtos locais, e que garantan ás persoas integrantes do Rexistro de vendedores e vendedoras a exposición e venda dos seus produtos, debendo ser modificado o devandito decreto a fin de reaxustar as normas de funcionamento ditadas a novas situacións e novas necesidades.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Título IV da Ordenanza reguladora de Prazas e Mercados do Concello de Lugo na que se regula a creación, funcionamento e réxime xurídico da actividade de venda no Mercado Tradicional.

Asimesmo a Disposición adicional terceira do devandito corpo legal faculta expresamente á alcaldía para “a adopción de cantas medidas procedan en orde á execución e desenvolvemento da presente Ordenanza”.

En virtude do exposto, a asinante Xefa do Servizo de Participación e atención cidadá, á vista das necesidades organizativas detectadas no desenvolvemento dos mercados no último ano, formula proposta á Tenenta Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, para que no uso das competencias atribuídas polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, delegadas polo decreto 2973/2021, do 16 de abril, adopte a seguinte resolución:

Primeiro: Modificar o decreto número 8100/2021, ditado o 1-10-2021, que quedará redactado na súa parte dispositiva segundo a continuación se indica:

“Primeiro: Aprobación das normas de reorganización e funcionamento do Mercado tradicional que de seguido se indican:

1. As persoas autorizadas e incluídas no Rexistro anual de persoas vendedoras do Mercado Tradicional poderán exercer a súa actividade comercial, conforme ás normas reguladoras, no lugar, datas e horas establecidas para os efectos, segundo o produto e a dispoñibilidade de espazo para a venda.
2. Os postos distribuiranse en zonas segundo o produto á venda a fin de facilitar ao público asistente o percorrido do mercado e o acceso aos produtos de similar categoría.
3. A cada persoa autorizada que estea incluída no Rexistro de Vendedores e vendedoras aprobado para cada anualidade, asignaráselle un número de posto entre o 1 e o 95, que terá carácter preferente, con reserva do lugar, ata as 8:30h en cada mercado.
4. As persoas titulares que non asistan a catro mercados continuados ou ben a oito non continuados perderán o carácter preferente da ubicación do lugar e pasarán a ocupar os últimos postos da lista de agarda.
5. Os vendedores e vendedoras que superen o número máximo de postos que alberga o aforo do soto da Praza de Abastos, 95, quedarán en lista de espera e poderán obter ubicación en cada mercado, nalgún dos postos que permanezan libres a partir das 8:30h da xornada.
6. Os postos para a venda de produtos de carácter ocasional, é dicir aqueles cuxa posta a disposición está limitada a determinadas épocas do ano polo seu propio ciclo vital, non terán ocupación preferente nos mercados regulares de martes e venres asignándoseles un espazo temporal específico a fin de estabilizar o mercado de produto anual e evitar sobrecarga en momentos puntuais.
7. En cada xornada de mercado, a partir das 8:30, os Vixiantes da Praza poderán reubicar, para esa xornada concreta, nos postos non ocupados a persoas vendedoras autorizadas en lista de espera, seguindo os criterios que se determinen, debendo respectarse as zonas de produto e a orde correlativa.
8. O límite para a entrada das persoas autorizadas, montaxe e instalación dos postos establécese ás 9:00h.
9. As persoas titulares que non asistan a catro mercados continuados ou ben a oito non continuados perderán o carácter preferente da ubicación do posto.
10. Para a asignación de número de posto preferente, realizarase unha avaliación desde o servizo en virtude dos antecedentes e documentación que constan nas dependencias da área, así como dos informes dos Vixiantes da praza relativos aos aspectos nos que así se precise.  
Unha vez asignados os números de posto preferente, en anos posteriores poderanse realizar as inclusións ou exclusións que procedan segundo o disposto nestas normas.
11. Para os efectos da avaliación consideraranse os seguintes criterios, coa puntuación que se determina en cada caso:
  - a) Antigüidade no Mercado municipal de Lugo:
    - Para titulares autorizados/as no ano 2019..... 3 puntos
    - Para titulares autorizados/as no ano 2020 .....2 puntos
    - Para titulares autorizados/as no ano 2021..... 1 punto
  - b) Continuidade na asistencia aos mercados
    - Asistencia habitual (2 mercados semanais) .....3 puntos

- Asistencia frecuente (1 mercado semanal)..... 2 puntos
  - Asistencia esporádica (1 a 3 mercados mes)..... 1 punto
  - Asistencia inferior aos parágrafos anteriores.....0 puntos
- c) Empadramento das persoas titulares no Concello de Lugo.
- Empadroadas/os no Concello de Lugo.....3 puntos
  - Non empadroados no Concello de Lugo.....0 puntos
12. Os Vixiantes da Praza realizarán en cada mercado un parte de control de asistencia no que se consignará o número de posto, titular e asistencia ou non. Asimesmo, no caso inasistencia e reasignación de posto, deberá quedar constancia da persoa autorizada que o ocupa puntualmente.
13. A actividade comercial desenvolverase conforme ao disposto na Ordenanza de Prazas e Mercados do Concello de Lugo coas seguintes especificacións:
- A actividade comercial deberá ser desenvolta atendendo as indicacións dos Vixiantes da Praza e conforme ás limitacións e medidas sanitarias que en cada caso se indiquen.
  - Ao final da xornada de venda, os postos deberán quedar recollidos e limpos, sen lixo ou materiais sobrantes. Non poderá quedar resto algún no chan, debendo quedar as sillas apiladas nos lugares que se lles indiquen.
  - A persoa ou persoas vendedoras que deixen o posto en mal estado de limpeza non poderá montar no mercado seguinte.
  - Os materiais de venda non poderán ser depositados directamente nas mesas, debendo achegar cada vendedor ou vendedora un mantel de plástico ou papel”.

Segundo: Proceder á publicación da presente resolución, firme na vía administrativa, no Taboleiro de edictos municipal, Boletín Oficial da Provincia, así como dar traslado á Brigada de Vixiantes de Prazas e mercados e ás dependencias e servizos afectados.

Terceiro. Contra o presente acto poderanse interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldesa no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.”

De conformidade co exposto, no uso das atribucións que confire á Alcaldesa no artigo 124.4 g) e ñ) da citada Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redación dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e en virtude da delegación da Alcaldía atribuída polo decreto 2973/2021, do 16 de abril,

RESOLVO:

**Primeiro:** Modificar o decreto número 8100/2021, ditado o 1-10-2021, que quedará redactado na súa parte dispositiva segundo a continuación se indica:

“Primeiro: Aprobación das normas de reorganización e funcionamento do Mercado tradicional que de seguido se indican:

1. As persoas autorizadas e incluídas no Rexistro anual de persoas vendedoras do Mercado Tradicional poderán exercer a súa actividade comercial, conforme ás normas reguladoras, no lugar, datas e horas establecidas para os efectos, segundo o produto e a dispoñibilidade de espazo para a venda.
2. Os postos distribuiranse en zonas segundo o produto á venda a fin de facilitar ao público asistente o percorrido do mercado e o acceso aos produtos de similar categoría.
3. A cada persoa autorizada que estea incluída no Rexistro de Vendedores e vendedoras aprobado para cada anualidade, asignaráselle un número de posto entre o 1 e o 95, que terá carácter preferente, con reserva do lugar, ata as 8:30h en cada mercado.
4. As persoas titulares que non asistan a catro mercados continuados ou ben a oito non continuados perderán o carácter preferente da ubicación do lugar e pasarán a ocupar os últimos postos da lista de agarda.
5. Os vendedores e vendedoras que superen o número máximo de postos que alberga o aforo do soto da Praza de Abastos, 95, quedarán en lista de espera e poderán obter ubicación en cada mercado, nalgún dos postos que permanezan libres a partir das 8:30h da xornada.

6. Os postos para a venda de produtos de carácter ocasional, é dicir aqueles cuxa posta a disposición está limitada a determinadas épocas do ano polo seu propio ciclo vital, non terán ocupación preferente nos mercados regulares de martes e venres asignándose un espazo temporal específico a fin de estabilizar o mercado de produto anual e evitar sobrecarga en momentos puntuais.
7. En cada xornada de mercado, a partir das 8:30, os Vixiantes da Praza poderán reubicar, para esa xornada concreta, nos postos non ocupados a persoas vendedoras autorizadas en lista de espera, seguindo os criterios que se determinen, debendo respectarse as zonas de produto e a orde correlativa.
8. O límite para a entrada das persoas autorizadas, montaxe e instalación dos postos establécese ás 9:00h.
9. As persoas titulares que non asistan a catro mercados continuados ou ben a oito non continuados perderán o carácter preferente da ubicación do posto.
10. Para a asignación de número de posto preferente, realizarase unha avaliación desde o servizo en virtude dos antecedentes e documentación que constan nas dependencias da área, así como dos informes dos Vixiantes da praza relativos aos aspectos nos que así se precise.  
Unha vez asignados os números de posto preferente, en anos posteriores poderanse realizar as inclusións ou exclusións que procedan segundo o disposto nestas normas.
11. Para os efectos da avaliación consideraranse os seguintes criterios, coa puntuación que se determina en cada caso:
  - a) Antigüidade no Mercado municipal de Lugo:
    - Para titulares autorizados/as no ano 2019..... 3 puntos
    - Para titulares autorizados/as no ano 2020 .....2 puntos
    - Para titulares autorizados/as no ano 2021..... 1 punto
  - b) Continuidade na asistencia aos mercados
    - Asistencia habitual (2 mercados semanais) .....3 puntos
    - Asistencia frecuente (1 mercado semanal)..... 2 puntos
    - Asistencia esporádica (1 a 3 mercados mes)..... 1 punto
    - Asistencia inferior aos parágrafos anteriores.....0 puntos
  - c) Empadramento das persoas titulares no Concello de Lugo.
    - Empadroadas/os no Concello de lugo.....3 puntos
    - Non empadroados no Concello de Lugo.....0 puntos
12. Os Vixiantes da Praza realizarán en cada mercado un parte de control de asistencia no que se consignará o número de posto, titular e asistencia ou non. Asimesmo, no caso inasistencia e reasignación de posto, deberá quedar constancia da persoa autorizada que o ocupa puntualmente.
13. A actividade comercial desenvolverase conforme ao disposto na Ordenanza de Prazas e Mercados do Concello de Lugo coas seguintes especificacións:
  - A actividade comercial deberá ser desenvolta atendendo as indicacións dos Vixiantes da Praza e conforme ás limitacións e medidas sanitarias que en cada caso se indiquen.
  - Ao final da xornada de venda, os postos deberán quedar recollidos e limpos, sen lixo ou materiais sobrantes. Non poderá quedar resto algún no chan, debendo quedar as sillas apiladas nos lugares que se lles indiquen.
  - A persoa ou persoas vendedoras que deixen o posto en mal estado de limpeza non poderá montar no mercado seguinte.
  - Os materiais de venda non poderán ser depositados directamente nas mesas, debendo achegar cada vendedor ou vendedora un mantel de plástico ou papel”.

**Segundo:** Proceder á publicación da presente resolución, firme na vía administrativa, no Taboleiro de edictos municipal, Boletín Oficial da Provincia, así como dar traslado á Brigada de Vixiantes de Prazas e mercados e ás dependencias e servizos afectados.

**Terceiro:** notifíqueselles esta resolución, firme na vía administrativa, ás persoas interesadas, facéndose constar, así mesmo, no parágrafo terceiro do devandito informe proposta a vía de recursos que procede interpoñer contra este acto.

Cúmprase.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 15 de marzo de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa, M<sup>a</sup> Cristina López Fernández.

R 0567

### *Anuncio*

Por medio do presente faise público o decreto da alcaldía núm. 2727/2022 do día 14/03/2022, que establece:

**“Ilma. Dona Maria Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa de Participación e Servizos para a veciñanza do Excmo. Concello de Lugo,**

Instruído o expediente relativo á aprobación da normativa de xestión da reserva e uso dos espazos públicos da praza de abastos e do mercado municipal.

Vista a proposta formulada o día 10-03-2022 pola xefa de Servizo de Participación e Atención Cidadá segundo a continuación se transcribe:

“Asunto: Normativa de xestión da reserva e uso dos espazos públicos da praza de abastos e mercado municipal.

Desde a Área de Participación e Servizos para a veciñanza estanse a dar pasos importantes para potenciar o mercado local como indispensable elemento revitalizador do centro urbano comercial e do comercio interior da cidade, e a súa forte vinculación coas economías locais que contribúen ao modelo de cidade sostible potenciando o consumo diversificado de produtos de cercanía e o respecto ao entorno natural.

Como parte inseparable deste proceso está a dinamización cultural do mercado municipal que por unha banda e como premisa fundamental, o potencie como un centro de intercambio social a través de actividades participativas na vida social da cidade e por outra contribúa ao fomento do consumo local e á consolidación de hábitos alimentarios saudables entre a cidadanía.

O mercado municipal de Quiroga Ballesteros e o mesmo edificio da Praza de Abastos, cuxo soto foi recentemente rehabilitado son elementos indispensables neste proceso dinamizador, ao constituir espazos urbanos óptimos para a realización de actividades de intercambio lúdicas, culturais e participativas para toda a cidadanía.

Para o uso racional e ordenado destes espazos públicos, acorde cos obxectivos destas actuacións, cómpre establecer as normas básicas que rixan o seu desenvolvemento e ás que deberán someterse na súa execución, tanto no aspecto económico como organizativo.

En consecuencia e segundo as atribucións que confire á Excm. Sra. Alcaldesa o artigo 124.4 g) e ñ) da citada Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribucións delegadas segundo o Decreto 2973/2021, do 16 de abril, a asinante, Xefa do Servizo de Participación e Atención Cidadá, proponlle á Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza que, adopte a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro: Proceder á aprobación das NORMAS BÁSICAS DE XESTIÓN PARA A RESERVA E USO DOS ESPAZOS PÚBLICOS DA PRAZA DE ABASTOS E DO MERCADO MUNICIPAL.

1. O uso dos espazos públicos do soto de Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros para a realización de actividades, culturais, sociais, deportivas e recreativas así como para a celebración de Feiras e eventos de carácter comercial, deberá ser solicitado con UN MES de antelación á unidade tramitadora de Mercados a través do formulario que se estableza no cal farase mención á aceptación expresa das normas de uso contidas no presente acordo. Ademais, as entidades solicitantes deberán achegar asimesmo unha memoria da actividade para a súa avaliación con carácter previo á súa autorización
2. A solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especificacións contidas no artigo 14 do devandito corpo legal, para os suxectos obrigados a relacionarse electrónicamente coa administración.
3. A dispoñibilidade na axenda, a adecuación da actividade e o importe a aboar, será comunicada ás persoas solicitantes a través de medios informáticos, dispoñendo dun prazo de 5 días para xustificar o aboamento da taxa estipulada en réxime de autoliquidación.
4. Recibida a documentación e comprobado o cumprimento dos requisitos, a unidade tramitadora, co conforme da Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e servizos para a Veciñanza, determinará a súa inclusión na axenda de eventos do Mercado e confirmará por medios electrónicos a reserva do uso para a data solicitada.

De non recibirse en prazo a xustificación do aboamento da taxa, entenderase desistida a petición, procedéndose ao seu arquivo.

5. Terá cabida a realización de actividades culturais, sociais, deportivas, recreativas e comerciais, con especial consideración para a realización de Feiras e eventos.
6. Non serán autorizables actividades con contidos sexistas, que atenten contra a dignidade das persoas ou que non sexan adecuadas aos fins da entidade ou ao público destinatario.

7. As actividades deberán ser realizadas sempre fóra do horario de actividade comercial de ambos os dous recintos.

7.1 No caso de que a entidade usuaria estea incluída no ámbito da exención prevista na Ordenanza fiscal 111 reguladora da Prestación de servizos de mercados, os horarios para a realización das actividades poderán ser autorizadas:

- Os sábados entre as 17:00h e as 21:00h.
- Os domingos ou festivos estarán comprendidos entre as 8:00 e as 21:00 horas.

7.2 No caso de que se trate dunha entidade non incluída no ámbito da exención prevista na Ordenanza fiscal 111 reguladora da Prestación de servizos de mercados:

- Os sábados entre as 17:00h e as 23:00.
- Os domingos ou festivos estarán comprendidos entre as 8:00 e as 23:00 horas.

8. Na realización das actividades, deberán observarse das medidas de prevención sanitaria e de distanciamento social establecidas pola Autoridade sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia, conforme as restricións que se establezan en cada momento, sendo responsabilidade da entidade usuaria o seu cumprimento estrito.

9. O uso deberá realizarse conforme ás normas cívicas de urbanidade, coidado e limpeza, debendo quedar o local en perfecto estado de limpeza e orde.

10. A entidade usuaria é responsable do bo uso das instalacións e do comportamento correcto das persoas asistentes, debendo respectar, no seu caso, o desenvolvemento doutras actividades compatibles autorizadas e concurrentes no mesmo espazo e sempre con estricta observancia das instrucións do persoal municipal.

11. Non se poderán causar molestias ao vecindario nen perturbar a tranquilidade da zona.

12. A entidade usuaria responderá de calquera dano ou deterioro que puidera ocasionarse nas instalacións, material e mobiliario municipal a disposición, debendo subsanar e/ou reparar calquera desperfecto que se puidera producir.

13. Asimesmo asumirá a responsabilidade de todos os danos e prexuízos materiais, persoais ou morales, derivados da celebración da actividade, dos traballos de montaxe e desmontaxe ou de calquera feito que se sexa imputable, por acción ou omisión, quedando expresamente prohibido manipular o equipamento do centro, acceder a zonas non permitidas ou conectar calquera aparello que non estea previamente autorizado.

14. O persoal contratado ou subcontratado pola entidade usuaria non terá vinculación ningunha co Concello de Lugo e dependerá única e exclusivamente daquela, única responsable do cumprimento dos dereitos e deberes laborais, quen responderá dos accidentes que lles puidesen sobrevir durante a realización da actividade e tarefas de montaxe e desmontaxe.

15. Será obrigado o uso dos logos municipais, así como do idioma galego na publicidade e cartelería que, no seu caso, realice a entidade usuaria.

Segundo: Proceder á aprobación do formulario contido no Anexo I.


Terceiro: Proceder á publicación do presente acto, firme na vía administrativa, no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de edictos do Concello e Portal de Transparencia.

Cuarto: Contra o presente acto poderanse interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

## ANEXO I

 <b>Concello de Lugo</b>			
<b>SOLICITUDE DE USO DE ESPAZOS PÚBLICOS DA PRAZA DE ABASTOS E DO MERCADO MUNICIPAL.</b>			
<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE.</b>			
NOME		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

## ENDEREZO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.

ENDEREZO ELECTRÓNICO		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE.

NOME:		NIF.	
ENDEREZO		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

<p><u>Solicita o uso de espazos públicos:</u></p> <p><u>Tipo de actividade:</u></p> <p><u>Días e horas solicitados:</u></p>
---

Acepto expresamente as normas de uso e as obrigas contidas no decreto da alcaldía núm \_\_\_\_\_ do día \_\_\_\_\_ e que a continuación se indican:

- Na realización das actividades, deberán observarse as medidas de prevención sanitaria e de distanciamento social establecidas pola Autoridade sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia, conforme as restricións que se establezan en cada momento, sendo responsabilidade da entidade usuaria o seu cumprimento estrito.
- O uso deberá realizarse conforme ás normas cívicas de urbanidade, coidado e limpeza, debendo quedar o local en perfecto estado de limpeza e orde.
- A entidade usuaria é responsable do bo uso das instalacións e do comportamento correcto das persoas asistentes, debendo respectar, no seu caso, o desenvolvemento doutras actividades compatibles autorizadas e concurrentes no mesmo espazo e sempre con estricta observancia das instrucións do persoal municipal.
- Non se poderán causar molestias ao vecindario nen perturbar a tranquilidade da zona.
- A entidade usuaria responderá de calquera dano ou deterioro que puidera ocasionarse nas instalacións, material e mobiliario municipal a disposición, debendo subsanar e/ou reparar calquera desperfecto que se puidera producir.
- Asimesmo asumirá a responsabilidade de todos os danos e prexuízos materiais, persoais ou morales, derivados da celebración da actividade, dos traballos de montaxe e desmontaxe ou de calquera feito que se sexa imputable, por acción ou omisión, quedando expresamente prohibido manipular o equipamento do centro, acceder a zonas non permitidas ou conectar calquera aparello que non estea previamente autorizado.
- O persoal contratado ou subcontratado pola entidade usuaria non terá vinculación ningunha co Concello de Lugo e dependerá única e exclusivamente daquela, única responsable do cumprimento dos dereitos e deberes laborais, quen responderá dos accidentes que lles puidesen sobrevenir durante a realización da actividade e tarefas de montaxe e desmontaxe.
- Será obrigado o uso dos logos municipais, así como do idioma galego na publicidade e cartelería que, no seu caso, realice a entidade usuaria.

Lugo,..... de ..... de 2022

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade).”



No uso das atribucións que confire á Excm. Sra. Alcaldesa o artigo 124.4 g) e ñ) da citada Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribucións delegadas segundo o Decreto 2973/2021, do 16 de abril, RESOLVO:

**Primeiro:** Proceder á aprobación das **NORMAS BÁSICAS DE XESTIÓN PARA A RESERVA E USO DOS ESPAZOS PÚBLICOS DA PRAZA DE ABASTOS E DO MERCADO MUNICIPAL.**

1. O uso dos espazos públicos do soto de Praza de Abastos e Mercado de Quiroga Ballesteros para a realización de actividades, culturais, sociais, deportivas e recreativas así como para a celebración de Feiras e eventos de carácter comercial, deberá ser solicitado con UN MES de antelación á unidade tramitadora de Mercados a través do formulario que se estableza no cal farase mención á aceptación expresa das normas de uso contidas no presente acordo. Ademais, as entidades solicitantes deberán achegar asimesmo unha memoria da actividade para a súa avaliación con carácter previo á súa autorización
2. A solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, coas especificacións contidas no artigo 14 do devandito corpo legal, para os suxectos obrigados a relacionarse electrónicamente coa administración.
3. A dispoñibilidade na axenda, a adecuación da actividade e o importe a aboar, será comunicada ás persoas solicitantes a través de medios informáticos, dispoñendo dun prazo de 5 días para xustificar o aboamento da taxa estipulada en réxime de autoliquidación.
4. Recibida a documentación e comprobado o cumprimento dos requisitos, a unidade tramitadora, co conforme da Tenenta de Alcaldesa da Área de Participación e servizos para a Veciñanza, determinará a súa inclusión na axenda de eventos do Mercado e confirmará por medios electrónicos a reserva do uso para a data solicitada.

De non recibirse en prazo a xustificación do aboamento da taxa, entenderase desistida a petición, procedéndose ao seu arquivo.

5. Terá cabida a realización de actividades culturais, sociais, deportivas, recreativas e comerciais, con especial consideración para a realización de Feiras e eventos.
6. Non serán autorizables actividades con contidos sexistas, que atenten contra a dignidade das persoas ou que non sexan adecuadas aos fins da entidade ou ao público destinatario.
7. As actividades deberán ser realizadas sempre fóra do horario de actividade comercial de ambos os dous recintos.

7.1 No caso de que a entidade usuaria estea incluída no ámbito da exención prevista na Ordenanza fiscal 111 reguladora da Prestación de servizos de mercados, os horarios para a realización das actividades poderán ser autorizadas:

- Os sábados entre as 17:00h e as 21:00h.
- Os domingos ou festivos estarán comprendidos entre as 8:00 e as 21:00 horas.

7.2 No caso de que se trate dunha entidade non incluída no ámbito da exención prevista na Ordenanza fiscal 111 reguladora da Prestación de servizos de mercados:

- Os sábados entre as 17:00h e as 23:00.
- Os domingos ou festivos estarán comprendidos entre as 8:00 e as 23:00 horas.

8. Na realización das actividades, deberán observarse das medidas de prevención sanitaria e de distanciamento social establecidas pola Autoridade sanitaria no territorio da comunidade autónoma de Galicia, conforme as restricións que se establezan en cada momento, sendo responsabilidade da entidade usuaria o seu cumprimento estrito.
9. O uso deberá realizarse conforme ás normas cívicas de urbanidade, coidado e limpeza, debendo quedar o local en perfecto estado de limpeza e orde.
10. A entidade usuaria é responsable do bo uso das instalacións e do comportamento correcto das persoas asistentes, debendo respectar, no seu caso, o desenvolvemento doutras actividades compatibles autorizadas e concurrentes no mesmo espazo e sempre con estricta observancia das instrucións do persoal municipal.
11. Non se poderán causar molestias ao vecindario nen perturbar a tranquilidade da zona.
12. A entidade usuaria responderá de calquera dano ou deterioro que puidera ocasionarse nas instalacións, material e mobiliario municipal a disposición, debendo subsanar e/ou reparar calquera desperfecto que se puidera producir.
13. Asimesmo asumirá a responsabilidade de todos os danos e prexuízos materiais, persoais ou morales, derivados da celebración da actividade, dos traballos de montaxe e desmontaxe ou de calquera feito que se sexa imputable, por acción ou omisión, quedando expresamente prohibido manipular o equipamento do

centro, acceder a zonas non permitidas ou conectar calquera aparello que non estea previamente autorizado.

14. O persoal contratado ou subcontratado pola entidade usuaria non terá vinculación ningunha co Concello de Lugo e dependerá única e exclusivamente daquela, única responsable do cumprimento dos dereitos e deberes laborais, quen responderá dos accidentes que lles puidesen sobrevir durante a realización da actividade e tarefas de montaxe e desmontaxe.
15. Será obrigado o uso dos logos municipais, así como do idioma galego na publicidade e cartelería que, no seu caso, realice a entidade usuaria.

**Segundo:** Proceder á aprobación do formulario contido no Anexo I.

**Terceiro:** Proceder á publicación do presente acto, firme na vía administrativa, no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de edictos do Concello e Portal de Transparencia.

**Cuarto:** notifíquelles esta resolución, firme na vía administrativa, ás persoas interesadas, facéndose constar, así mesmo, no parágrafo cuarto do devandito informe proposta a vía de recursos que procede interpoñer contra este acto.

Cúmprase.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 15 de marzo de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa, M<sup>a</sup> Cristina López Fernández.

R. 0568

## MEIRA

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM 104/2022 DE SUBSTITUCIÓN DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA POR CAUSA DE ENFERMIDADE.

##### I.- FEITOS:

**Primeiro.-** En data 15 de xuño do 2019 procedeuse á elección de don Antonio de Dios Álvarez como Alcalde do Concello de Meira.

**Segundo.-** Mediante o Decreto do Alcalde do Concello de Meira núm. 228/2019, de data 26 de xuño do 2019, nomeouse aos tenentes de alcalde, figurando como 1º don Agustín Méndez Moirón.

**Terceiro.-** En data 15 de marzo do 2022, o Alcalde do Concello de Meira presenta parte médico de baixa por incapacidade temporal.

##### II.- FUNDAMENTOS:

**Primeiro.-** O artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, dispón que os tenentes de alcalde substitúen pola orde do seu nomeamento, e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ao Alcalde.

**Segundo.-** Por outra banda, o artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón que: *“Corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.*

**Terceiro.-** O artigo art. 21 do texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, sinala que: *«Cando o Alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir a delegación, ou cando por unha causa imprevista resultoulle imposible outorgala, substituíralle o tenente de alcalde a quen corresponda, quen deberá dar conta diso ao resto da Corporación».*

**Cuarto.-** Os artigos 47 e 48 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dispoñen que:

- Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite o exercicio das súas funcións.

- Corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír ao Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata a toma de posesión do novo Alcalde.

- As funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde sen expresa delegación do Alcalde. Agás se esta delegación non foi posible efectuala.

En base ás competencias atribuídas pola lexislación en materia de réxime local, é polo que, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Delegar no primeiro Tenente Alcalde, don Agustín Méndez Moirón, as funcións de Alcalde nos termos do art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e durante o período no que permaneza na situación de baixa laboral por enfermidade.

**Segundo.-** Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación así como a súa publicación no BOP de Lugo.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Meira, do que eu, como Secretaria Accidental, dou fe .

Meira, 15 de marzo de 2022.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez; A secretaria accidental, Pilar Rozas Alonso.

R. 0559

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas FEBREIRO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 07.03.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de febreiro 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18.03.2022 ata o 18.05.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 1 de febreiro de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0570

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 02.12.2021 acordou a aprobación definitiva, con resolución expresa das reclamacións presentadas, da modificación da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA (NÚMERO 12), cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS.**

##### **Preámbulo**

A tenor de las facultades normativas otorgadas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución Española y artículo 106 de la Ley 7/1985 reguladora de las Bases de Régimen Local sobre potestad normativa en materia de tributos locales y de conformidad, asimismo, con lo establecido en los artículos 57, 15 y siguientes, del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, y artículos 20 y siguientes del mismo texto normativo, en especial el artículo 24.1 del propio cuerpo normativo, se regula mediante la presente Ordenanza Fiscal la **Tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local de las**

**instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua, e hidrocarburos** conforme al régimen y a las tarifas que se incluyen en la presente ordenanza resultantes de un Informe técnico económico preceptivo cuyo método de cálculo y parámetros previstos en el mismo han sido declarados conforme a derecho por el Tribunal Supremo citándose, al efecto, las sentencias 2708/2016 [Recurso de Casación 1117/2016]; n.º2726/2016 [Recurso de Casación 436/2016]; n.º 49/2017 [Recurso de Casación 1473/2016], n.º489/2017 [Recurso de Casación 1238/2016], n.º 292/2019 [Recurso de Casación núm. 1086/2017], n.º 308/19 [Recurso de Casación 1193/2017], n.º 1649/2020 [Recurso de Casación 3508/2019], n.º 1659/2020 [Recurso de Casación 3099/2019], n.º 1783/2020 [Recurso de Casación 3939/2019] y n.º 275/2021 [Recurso de Casación 1986/2019], entre otras, que validan este modelo de Ordenanza y fijan el contenido y exigencias de la misma.

**ARTICULO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN:** Vienen obligados al pago de la tasa que regula la presente ordenanza todas las personas físicas o jurídicas, sociedades civiles, comunidades de Bienes y demás entidades a que se refiere el artículo 35 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que se beneficien de cualquier modo del aprovechamiento especial del dominio público local con las especificaciones y concreciones del mismo que se dirán, o que vengán disfrutando de dichos beneficios.

La aplicación de la presente ordenanza se refiere al régimen general, que se corresponde con la tasa a satisfacer establecida en el artículo 24.1.a), del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, por el aprovechamiento especial del dominio público local, en las que no concurren las circunstancias de ser empresas suministradoras de servicios de interés general que afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario y que ocupen el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, circunstancias previstas para el artículo 24.1.c).

**ARTICULO 2º.- HECHO IMPONIBLE:** Constituye el hecho Imponible de la tasa, conforme al artículo 20 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales de 5 de marzo de 2004, el aprovechamiento especial del dominio público local en su suelo, subsuelo y vuelo, con:

- a) **Instalaciones de transporte de energía con todos sus elementos indispensables que, a los meros efectos enunciativos, se definen como cajas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalaciones o líneas propias de transporte o distribución de energía eléctrica, gas, agua u otros suministros energéticos, instalaciones de bombeo y demás elementos análogos que tengan que ver con la energía y que constituyan aprovechamientos del dominio público local no recogidos en este apartado.**
- b) **Instalaciones de transporte de gas, agua, hidrocarburos y similares.**

El aprovechamiento especial del dominio público local se producirá siempre que se deban utilizar **instalaciones de las referidas** que materialmente ocupan el dominio público en general.

A los efectos de la presente ordenanza se entiende por dominio público local todos los bienes de uso, dominio o **servicio públicos que se hallen en el término municipal, así como los bienes** comunales o pertenecientes al común de vecinos, exceptuándose por ello los denominados bienes patrimoniales.

### **ARTÍCULO 3º.- SUJETOS PASIVOS.**

Son sujetos pasivos de las tasas, en concepto de contribuyentes, las personas físicas y jurídicas, así como las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria, Ley 58/2003, que disfruten o aprovechen el dominio público local.

